

## Visitas á comarca da Ulloa

Palas de Rei, 10 de abril de 2014

A sesión deste xoves dos rapaces de “Aval Xóvenes” foi unha mañá de visitas a diversas empresas. O grupo dividiuse en dous para poder coñecer de preto catro empresas e así poder coller aqueles consellos, ideas, know how... que dende as mesmas lles prestaron e podelos poñer en práctica nos seus proxectos.

Por un lado, un grupo tivo a oportunidade de ver como unha empresa adicada ó deporte, JIM SPORTS, e outra do sector do ovo, GRANXAS CAMPOMAYOR, se converteron a través do esforzo, a ilusión e crer nos seus produtos en dúas grandes empresas coñecidas a gran escala. O outro grupo tivo a ocasión de coñecer como funcionan os servizos sociais de Palas de Rei e que se ofrece dende o Balneario de Pambre para o benestar, relax, ocio e saúde.

Os dous grupos saíron moi satisfeitos destas visitas e mostráronse moi agradecidos pola atención prestada e os consellos que dende as mesmas lles ofreceron. Un dos consellos que mais lles chegou ós rapaces foi o de Javier Casal, Director de Operacións de JIM SPORTS, *“Os comezos ás veces son complicados pero hai que ter ganas e querer” “Hai que empezar con ilusión, ganas e crer nun mesmo” “Informarse e falar con todas aquelas persoas e institucións que poidan axudar” e sobre todo “traballo e esforzo”.*